



DECRETO DA PRESIDENCIA

Asunto: Asignación de prazas vacantes por mobilidade entre o persoal subrogado.
Expediente: 2020/X999/000187

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, o Sr. Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Con data 16.09.2020 a Xerencia do Consorcio emite o seguinte informe sobre a existencia de catro prazas vacantes no cadro de persoal do Consorcio:

<< O longo do ano 2019, a plantilla de persoal que presta servizo nos parques de Bombeiros pertencentes a este Consorcio Provincial sufriu a baixa de catro das súas cento setenta e catro prazas. Ditas baixas prodúcense por mor de excedencias, permutas de posto e, desgraciadamente, por pasamentos debido a accidentes non laborais.

O Consorcio Provincial co paso a xestión directa do servizo adquiriu o compromiso de manter en vigor os Convenios Colectivos que rexían nas distintas empresas que prestaban o servizo.

En calquera dos mencionados Convenios, no apartado de Movilidad Geográfica, indicase que "En caso de producirse una vacante o aumento de plantilla en algún parque de bomberos gestionados por la empresa, los trabajadores del resto de parques tendrán preferencia para ocupar la misma frente a otros de nueva incorporación". Así pois, o que toca e proceder a oferta, entre o persoal dos parques, das catro prazas vacantes. Estas son :

- *Parque de Arteixo (2): Pedro M. Alonso Prado, con D.N.I. nº **7881***
Iván Vicente Vázquez, con D.N.I. nº **8433****
- *Parque do Eume (1): Javier López Pallares, con D.N.I. nº **9030****
- *Parque de Betanzos (1): Miguel A. Villar López, con D.N.I. nº **8923****

Por parte da Xerencia, e dacordo coa parte social, en data 10 de agosto do actual, púxose en marcha o proceso coa comunicación, vía mail, a tódolos sarxentos-xefes de parque, aos cabos-xefes de quenda de tódolos parques así como aos representantes sindicais dos traballadores, co fin de facela chegar a todo o persoal.

Nesta primeira convocatoria presentáronse, vía rexistro oficial do Consorcio, 5 solicitudes para as 4 prazas vacantes.

En reunión celebrada o 18 de agosto entre a parte sindical, representada por D. David Lago Abalo (Presidente do Comité de empresa) e D. Daniel A. Bogo Saavedra (Vocal do Comité de empresa), e D. José Luís Barca Añón (xerente do Consorcio) xunto con D. Mauricio Calvo Vidal (Suboficial-Coordinador do Consorcio), aprobáronse os baremos para valorar as solicitudes. Estes son, dacordo co Art. 11 do Convenio da empresa Natutecnia (exgestora dos parques de As Pontes, Cee e Sta. Comba), e por concurrencia de convenios, a antigüidade no posto, proximidade do domicilio habitual do traballador o novo posto e cargas familiares do solicitante.

A continuación procedese a valorar as solicitudes presentadas dacordo o anteriormente sinalado. De ditos actos adxúntase Acta asinada polos asistentes.

En esta primeira convocatoria, tal e como se deduce da Acta, resultan unhas novas vacantes. Estas son:

- *Parque de Arzúa (1) : Pablo Chao Villares, con D.N.I. nº **6669****
- *Parque do Eume (2) : Carlos Sayar Reboredo, con D.N.I. nº **8299***
Diego Armesto Veloso, con D.N.I. nº **3010****
- *Parque da Costa da Morte(1): Alberto Mancebo Pérez, con D.N.I. nº **7816****

Así pois procede unha nova convocatoria, coas novas prazas vacantes, que se tramita do mesmo xeito que a primeira.

Nesta segunda convocatoria presentáronse, vía rexistro oficial do Consorcio, 1 solicitude para a praza vacante no parque de Arzúa.

En reunión celebrada o 31 de agosto, coa participación pola parte sindical de D. David Lago Abalo (Presidente do Comité de



empresa) e D. Daniel A. Bogo Saavedra (Vocal do Comité de empresa, e D. José Luís Barca Añón (xerente do Consorcio) e D. Mauricio Calvo Vidal (Suboficial-Coordinador do Consorcio), acordase conceder a praza vacante do parque de Arzúa ao único solicitante, D. Angel Vilela Alfonso, con D.N.I. nº **8210***.

De esta segunda convocatoria, según se pode observar na Acta da sesión, derivase una nova vacante. Neste caso trátase dunha vacante no parque de Ordes, a deixada por D. Angel Vilela Alfonso.

Procédese a una nova convocatoria para dar a opción de cubrir dita vacante ou calquera das outras tres que xa quedaran vacantes da segunda convocatoria.

Transcurrido o prazo sinalado, non se presentou ningunha solicitude para ningunha das prazas.

Reunida a Comisión formada pola parte sindical e a Xerencia, en data 9 de setembro, dase por rematado o proceso para cubrir as vacantes por promoción interna.

Tal e como se reflexa na Acta da sesión as prazas que finalmente quedan vacantes e que se tratarán de cubrir con persoal da Bolsa de Emprego son :

- Parque de Orde, 1 praza
- Parque do Eume, 2 prazas
- Parque da Costa da Morte, 1 praza>>

Con data 21.09.2020 a Xerencia emite o seguinte informe-proposta sobre a asignación das prazas vacantes no cadro de persoal do Consorcio:

<< Con data 9 de setembro remataron os procesos para cubrir prazas vacantes, por promoción interna, dentro da plantilla dos parques de Bombeiros deste Consorcio Provincial.

As prazas ofertadas correspondían:

- Parque de Arteixo, 2 prazas
- Parque do Eume, 1 praza
- Parque de Betanzos, 1 praza

Das prazas vacantes que se ofertaban foron solicitadas e, provisionalmente, adxudicadas do seguinte xeito.

As dúas praza de Arteixo foron solicitadas e, provisionalmente, adxudicadas para:

- Alberto Mancebo Pérez, con D.N.I. nº **7816***, provinte do Parque da Costa da Morte (Cee)
- Diego Armesto Veloso, con D.N.I. nº **3010***, provinte do Parque do Eume (As Pontes)

A praza de Betanzos foi solicitada e, provisionamente, adxudicada para:

- Carlos Sayar Reboredo, con D.N.I. nº **8299***, provinte do Parque do Eume (As Pontes)

A praza vacante de As Pontes foi solicitada e, provisionalmente, adxudicada para:

- Pablo Chao Villares, con D.N.I. nº **6669***, provinte do Parque de Arzúa.

Por mor deses movementos de persoal, quedaron 4 prazas vacantes noutros parques.

Ditas prazas son :

- Parque de Arzúa, 1 praza
- Parque do Eume, 2 prazas
- Parque da Costa da Morte, 1 praza

Das prazas ofertadas so se recibe solicitude para una delas, a de Arzúa.



A praza de Arzúa foi solicitada e, provisionamente, adxudicada para :

- Angel Vilela Alfonso, con D.N.I. nº **8210***, provinte do Parque de Ordes

Unha vez adxudicada, provisionalmente, a praza vacante de Arzúa, quédanos unha vacante no Parque de Ordes.

Ofértase dita praza e, transcurrido o prazo establecido, non se recibe ningunha solicitude para as prazas vacantes, dando deste xeito por rematado o proceso de reasignación de prazas vacantes por promoción interna e dando lugar a un novo proceso para cubrir 2 vacantes no Parque do Eume, 1 no Parque de Ordes e 1 no Parque da Costa da Morte, con persoal procedente da Bolsa de Emprego.

En base o exposto, dende esta Xerencia propónse ao Sr. Presidente:

1.- A asignación dos novos postos de traballo aos Bombeiros solicitantes, toda vez que cumpren os requisitos para poder acceder a eles, segundo se relaciona.

2.- Decretar o inicio do proceso para cubrir as prazas que resultaron vacantes coa incorporación de persoal da Bolsa de Emprego do Consorcio, daccordo coas Bases que regularon o acceso a mesma.>>

En virtude dos antecedentes e consideracións expostas, ao abeiro do establecido nos convenios de aplicación ao persoal subrogado a 01.01.2020, e do previsto no artigo 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Asignar provisionalmente, en tanto non se convoque o correspondente procedemento de selección das prazas definitivas, de conformidade coa Memoria aprobada en sesión plenaria de 13.09.2019, as prazas que a continuación se relacionan e aos seguintes traballadores:

APELIDOS, NOME	DNI	PAZA ASIGNADA
MANCEBO PÉREZ, ALBERTO	**7816***	SPEIS 02 ARTEIXO
ARMESTO VELOSO, DIEGO	**3010***	SPEIS 02 ARTEIXO
SAYAR REBOREDO, CARLOS	**8299***	SPEIS 07 BETANZOS
CHAO VILLARES, PABLO	**6669***	SPEIS 08 AS PONTES
VILELA ALFONSO, ÁNGEL	**8210***	SPEIS 05 ORDES

SEGUNDO.- Iniciar o proceso para cubrir as prazas que resultaron vacantes coa incorporación de persoal da Bolsa de emprego do Consorcio, de acordo coas Bases que regularon o acceso a mesma.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos interesados, e dar traslado aos servizos administrativos encargados de persoal.

CUARTO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Consorcio.

QUINTO.- Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, podese interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Presidente deste Consorcio, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente.

Carballo, na data da sinatura dixital.

O presidente,
Asdo.: Valentín González Formoso

A secretaria interventora,
Asdo.: M. Graciela Riveiro Moreira